



Produto interior bruto

NOTA: Novas modificacións da serie de datos no índice de volume encadeado do INE provocan alteracións que cómpre sinalar. Respecto dos últimos datos facilitados vense afectados os que atinxen ao primeiro trimestre de 2020 en adiante e os comprendidos entre o segundo trimestre de 2017 e o primeiro trimestre de 2018. Se ben nestes últimos o efecto das correccións redúcese a modificacións dunha décima superior ou inferior aos valores previos e non se trasladan alén deses catro trimestres, as correccións dos catro trimestres de 2020 fan que as variacións do PIB deses trimestres pasen a ser inferiores entre catro e sete décimas das publicadas ata agora e, á súa vez, provoca variacións no PIB de 2021, que pasan a ser superiores ás publicadas ata agora debido de xeito sobranceiro á variación da base, ata o punto de que correccións á baixa no valor do índice de volume encadeado non se reflectan en baixas na variación porcentual senón que, nalgúns trimestres corrixidos, mesmo se incrementa ao ser menor a corrección dese trimestre á corrección da súa base de referencia. Pola súa banda, os datos do PIB galego mantivéronse sen modificacións ao momento do peche deste Boletín, o cal desaconsella facer análises comparativos e tanto ditas modificacións non se leven a cabo.



Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) España 2016-2022

	% (T/T-4)	2016	2017	2018	2019	2020	2021	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22
Galicia		3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	5,2	3,5	3,3	4,2	2,5	1,6	2	2,1	2,1	2,8	3,5	2,5	3,3	2,4	1,1	0,7	0,3	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	-2,4	18,0	3,5	5,1	5,1	4,4
España		3,0	3,0	2,3	2,1	-11,3	6,1	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,2	3,0	3,0	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,8	6,7	6,8

Fonte: INE (Estadística Nacional Trimestral), INE

No segundo trimestre de 2022 o PIB galego medrou nun 1,1% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a baixar sete décimas e ficar no 4,4%. Pola súa banda, e logo de que o crecemento intertrimestral do PIB español acadase o 1,5%, a variación do PIB interanual rexistrada en España foi do 6,8%. Estes valores foron superiores en catro e cinco décimas, respectivamente, ás previsións contidas no avance do dato difundido o pasado mes de xullo.

O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no Gráfico 2. Este gráfico recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos e aporta unha mellor perspectiva da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume das economías galega e española amosen os valores rexistrados con anterioridade á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadeado en Galicia para o conxunto de 2019 (que, logo do último cambio metodolóxico levado a cabo no segundo trimestre de 2021 fica en 109,78), ao peche do segundo trimestre de 2022 o volume da actividade económica galega ficaba por baixo do nivel medio de 2019 nun -0,56%. No caso de España, o valor do índice para o conxunto de 2019 pasa a ser do 110,68 tras as últimas actualizacións, o que fai que no segundo trimestre de 2022 o volume de actividade económica en España sexa un -1,86% inferior ao de entón.

O avance do PIB galego para o terceiro trimestre prevé que se manteña constante en termos intertrimestrais e que medre no 2,5% en termos interanuais. Respecto ao avance do PIB estatal para o terceiro trimestre de 2022 prevé unha suba do 0,2% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, levaría ao PIB estatal interanual a un crecemento do 3,8%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.248,6	3,9	0,3	9,4	0,8
España	23.525,9	138,5	0,6	78,2	0,3

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do terceiro trimestre de 2022 indica un aumento da **poboación activa** galega de 3.900 persoas (o 0,3%) respecto do anterior, aumento de menor intensidade ao rexistrado en España no período (0,6%). En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun 0,8%, cun

crecemento de 9.400 persoas respecto do terceiro trimestre de 2021. En España o incremento foi inferior en termos porcentuais (o 0,3%).

O número de persoas ocupadas en Galicia medrou neste trimestre respecto do anterior logo dun incremento de 8.500 persoas (o 0,8%, por riba da media española que foi o 0,4) e aumentou en 1.300 respecto do terceiro trimestre de 2021 (o 0,1%, incremento que fica por baixo do incremento medio en España do 2,6%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no terceiro trimestre de 2021 ata o 47,5%, taxa superior en tres décimas á do trimestre anterior e inferior en -3,9 puntos porcentuais á taxa do 51,4% rexistrada en España no mesmo período, co cal o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España reduciuse en tres décimas neste trimestre. Para rematar coa análise da EPA do terceiro trimestre de 2022, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 134.800 tras unha redución do paro de -4.600 persoas, mentres que as persoas en paro en España aumentaron no trimestre en 60.800, se ben o paro mantívose por baixo dos 3 millóns de persoas en España por segundo trimestre consecutivo. Respecto do sucedido fai catro trimestres, o paro aumentou en Galicia en termos interanuais en 8.100 persoas (un aumento do 6,4%, que fai de Galicia a Comunidade na que máis aumentou o paro nos últimos doce meses, segundo a EPA) mentres que en España a redución do paro no mesmo período foi de -436.500 persoas (o -12,8%). Deste xeito, a taxa de paro en Galicia fica no 10,8% e en España faíno no 12,7%.


Os Boletíns mensuais do paro rexistrado publicados ao remate do terceiro trimestre amosan aumento do **paro rexistrado** do 1,5% (2.177 persoas) respecto do final do segundo trimestre. Respecto do peche do segundo trimestre de 2021 o paro rexistrado reduciuse no -5,8% (-8.945 persoas). Así, o Gráfico 3, no cal os terceiros trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor violeta (ver páxina seguinte) amosa que o mes de xuño supuxo o décimo oitavo mes consecutivo con descensos interanuais do paro rexistrado. Estes descensos superaron o -5% para cada mes do trimestre, aínda que sen alcanzar os máximos de decembro pasado, mes desde o cal cada descenso é, en termos porcentuais, menor que o do mes anterior.

Neste trimestre aumentou a diferenza entre o número de homes e mulleres rexistrados como parados, diferenza que estaba en 23.700 paradas máis antes de comezar o trimestre, e fica en case 26.000 paradas máis ao rematar, o que inverte a tendencia rexistrada no trimestre pasado. A porcentaxe de mulleres rexistradas como paradas sobre o total seguiu a medrar e pasou do 58,4% ao 59,0%. Porén, e respecto da situación rexistrada fai catro trimestres, esta porcentaxe do 59,0% é inferior á porcentaxe ao remate do terceiro trimestre de 2021 (59,2%).

Parao rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2022

3T22	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	139.850	141.912	144.109	-1.082	2.062	2.197	-0,8%	1,5%	1,5%	-12.084	-9.352	-8.945	-8,0%	-6,2%	-5,8%
Homes	57.621	58.113	59.078	-980	492	965	-1,7%	0,9%	1,7%	-5.087	-3.897	-3.298	-8,1%	-6,3%	-5,3%
Mulleres	82.229	83.799	85.031	-102	1.570	1.232	-0,1%	1,9%	1,5%	-6.997	-5.455	-5.647	-7,8%	-6,1%	-6,2%
<30 anos	15.042	15.981	16.368	-787	939	387	-5,0%	6,2%	2,4%	-1.698	-1.203	-1.772	-10,1%	-7,0%	-9,8%
entre 30 e 44 anos	41.723	42.430	43.151	89	707	721	0,2%	1,7%	1,7%	-6.050	-5.088	-4.618	-12,7%	-10,7%	-9,7%
>44 anos	83.085	83.501	84.590	-384	416	1.089	-0,5%	0,5%	1,3%	-4.336	-3.063	-2.555	-5,0%	-3,5%	-2,9%
Agricultura e Pesca	4.864	4.761	4.776	-205	-103	15	-4,0%	-2,1%	0,3%	-289	-336	-264	-5,6%	-6,6%	-5,2%
Industria	14.743	14.957	15.048	-395	214	91	-2,6%	1,5%	0,6%	-2.800	-2.366	-2.095	-16,0%	-13,6%	-12,2%
Construción	9.878	9.919	9.945	-272	41	26	-2,7%	0,4%	0,3%	-1.227	-1.090	-900	-11,0%	-9,9%	-8,3%
Servizos	99.066	100.747	102.974	280	1.681	2.227	0,3%	1,7%	2,2%	-7.338	-5.329	-5.075	-6,9%	-5,0%	-4,7%
Sen emprego anterior	11.299	11.528	11.366	-490	229	-162	-4,2%	2,0%	-1,4%	-430	-241	-611	-3,7%	-2,0%	-5,1%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



Por grupos de idade, e coa excepción do que aconteceu no mes de xullo coas persoas traballadoras nos rangos superior e inferior, o paro rexistrado aumentou mes a mes para cada mes e grupo. En termos porcentuais destaca de xeito negativo a evolución do paro rexistrado entre as persoas traballadoras de menos de 30 anos, que pasan de ser o grupo no que o paro rexistrado descendeu máis en xullo ao grupo cun maior aumento nos meses de agosto e setembro (de xeito que en agosto foi o grupo no que aumentou máis o paro en termos absolutos a pesares de ser o grupo de parados menos numeroso con moita diferenza). Respecto do acontecido fai catro trimestres o paro rexistrado segue a se reducir, se ben obsérvase unha diferenza notable entre o que aconteceu coas persoas traballadoras de 45 e máis anos, nas que o paro rexistrado se reduce entre -2,5 e -3 puntos porcentuais menos que a redución media. Ao remate de setembro de 2021, este grupo de persoas supoñían o 56,9% do total das persoas paradas rexistradas. Un ano máis tarde son o 58,7% dese total.

Se atendemos á evolución segundo os sectores de actividade vemos que a evolución mes a mes foi peor no sector servizos que no resto, o que ven sendo habitual nos terceiros trimestres. Así, o sector servizos foi o único no que o paro rexistrado aumentou nos tres meses, contrastando coas reducións en dous deses tres meses en agricultura-pesca e no grupo de persoas sen emprego anterior. En todos os sectores de actividade había menos persoas paradas rexistradas das que había ao remate do segundo trimestre coa excepción do sector servizos. Se comparamos co terceiro trimestre de 2021, e tal e como está a acontecer desde fai varios trimestres, rexístranse diminucións do paro rexistrado para cada sector en cada mes. O sector industrial está a destacar con diminucións do paro rexistrado por riba do -12% en cada un dos meses, mentres que no sector servizos e entre as persoas sen emprego anterior as reducións son, para cada mes, inferiores á redución media rexistrada na comparación co acontecido no mesmo mes de 2021.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
3T2022	239.511	25.316	11,8%	-38.507	-13,9%
Homes	123.346	13.767	12,6%	-21.344	-14,8%
Mulleres	116.165	11.549	11,0%	-17.163	-12,9%
<30 anos	85.238	15.913	23,0%	-11.158	-11,6%
entre 30 e 44 anos	87.497	4.511	5,4%	-20.096	-18,7%
>44 anos	66.776	4.892	7,9%	-7.253	-9,8%
Indefinido	79.726	-3.652	-4,4%	58.175	269,9%
Temporal	151.523	25.709	20,4%	-102.064	-40,2%
Prácticas / Formación	1.709	610	55,5%	-129	-7,0%
Otros	6.553	2.649	67,9%	5.511	528,9%
Agricultura e Pesca	10.007	3.546	54,9%	-1.373	-12,1%
Industria	36.529	4.602	14,4%	-6.831	-15,8%
Construción	9.206	-242	-2,6%	-1.412	-13,3%
Servizos	183.769	17.410	10,5%	-28.891	-13,6%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

rexistrada no terceiro trimestre de 2021 en case o -14%. Os 239.511 novos contratos rexistrados representa o segundo menor número de novos contratos dos seis últimos anos neste trimestre, tan só por diante dos novos contratos asinados no terceiro trimestre de 2020.

Por sexos, o número de novos contratos a homes no terceiro trimestre superou ao das mulleres en pouco máis de 2.200 novos contratos, e a diferenza por sexos entre asinantes de novos contratos incrementouse respecto do pasado trimestre en máis de 1,5 puntos porcentuais. Porén, se comparamos co acontecido no terceiro trimestre de 2021 os novos contratos diminúen para homes e mulleres, pero os dos homes o fan en case que -2 puntos porcentuais máis.

Por rangos de idade, a contratación aumentou moito máis entre as persoas traballadoras de 30 anos ou menos respecto do trimestre anterior tanto en termos porcentuais (nun 23%, único intervalo para o que rexistrouse un incremento superior ao 8%) como absolutos. Se comparamos co mesmo trimestre do ano pasado, a contratación descende para todos os rangos de idade e, neste caso, o grupo no que máis descende a sinatura de novos contratos é o que vai dos 30 aos 44 anos de idade, ben por riba do que acontece cos outros dous grupos.

Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados hai que destacar que, logo de se rexistraren fortísimos incrementos no número de novos contratos indefinidos no primeiro semestre, no terceiro trimestre do ano o número de novos contratos deste tipo reduciuse no -4,4% respecto do segundo trimestre. Mes a mes, en xullo mantivéronse a un nivel moi similar aos asinados en xuño (un 1% máis) e en agosto reducíronse en case o -29%, e creceron de novo en setembro ata un 37% máis. Desde o punto de vista da análise estatística cómpre seguir polo miúdo a evolución dos datos deste parámetro, xa que é pronto para aventurar se estamos ante un novo patrón estacional ou se certamente estase a reducir a contratación indefinida respecto do primeiro semestre do ano. En comparación co terceiro trimestre do ano anterior apréciase con moita claridade a influencia do Real Decreto-Lei 32/2021 na contratación por tipos de contrato, posto que reflicte incrementos porcentuais de tres cifras nos contratos indefinidos (270%) e outros (529%) mentres que se reducen os de prácticas/formación e, de xeito significativo, os temporais, que baixan nun -40% respecto do que aconteceu no terceiro trimestre de 2021. Deste xeito, estes contratos pasaron de supoñer o 91% do total naquel trimestre ao 63% do total neste. Podemos resumir o impacto do Real Decreto-Lei no contrato indefinido sinalando que, se durante os cinco anos anteriores a media de contratos indefinidos asinados no terceiro trimestre fronte ao total de contratos novos foi do 7,6% e no pasado trimestre o seu número acadou o 38,9% do total, neste trimestre os novos contratos indefinidos foron o 33,3% do total de novos contratos asinados.


O análise da contratación por sectores de actividade recolle diminución de novos contratos en agosto e aumento en setembro para todos os sectores, mentres en xullo aumentaron os contratos en todos os sectores coa excepción do sector servizos. Respecto do que aconteceu no terceiro trimestre de 2021 o que se observa é que todos os sectores rexistraron diminución da nova contratación e o fixeron nunha proporción moi similar, entre o -12% do sector primario e o -15% do industrial.

No que atinxe á **contratación**, o impacto da aplicación das novas modalidades de contratación recollidas no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral segue a mediatizar o análise dos datos, xa que as novidades contidas en dito Real Decreto-Lei, e de xeito excepcional a chegada dos novos contratos fixos descontinuos, está a provocar unha clara redución do número de contratos asinados e o aumento de novos contratos indefinidos e -aínda que se trata dunha categoría cunha volume de contratos moito menor- dos clasificados coma Outros.

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres meses do terceiro trimestre de 2022 amosan un aumento na contratación respecto ao trimestre previo de preto do 12%. En termos interanuais, a contratación segue a descender, e no terceiro trimestre de 2022 foi inferior á

	Afilación media mensual 3º trimestre 2022 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.058.193	1.055.331	1.049.346	9.670	-2.862	-5.985	0,92%	-0,27%	-0,57%	21.921	15.861	15.118	2,12%	1,53%	1,46%
España	20.340.964	20.151.001	20.180.287	-7.366	-189.963	29.286	-0,04%	-0,93%	0,15%	749.236	677.277	649.176	3,82%	3,48%	3,32%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



interanual da afiliación media entre Galicia e España continúa oscilando, tal e como fixera no trimestre anterior, entre os 1,7 e os 2 puntos porcentuais nos meses de referencia.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravedade en Galicia (Xaneiro-Agosto 2021-2022)			
	2021	2022	% Var
Leves	15.113	16.153	6,9
Graves	259	257	-0,8
Mortais	29	50	72,4
Total	15.401	16.460	6,9

Fonte: Estadística de accidentes de trabajo
Ministerio de Trabajo e Economía Social

rexistrados nos oito primeiros meses do ano en máis do 72%. Isto é así, pese a que nos últimos tres meses os accidentes mortais reducíronse nun -20% fronte ao acontecido no mesmo período de 2021, debido ao fortísimo incremento neste grupo de accidentes rexistrado na primeira parte do ano e que se vencella co traxico naufragio do pesqueiro Virxe de Pitanxo, tal e como xa se recolleu na edición anterior deste *Boletín*.

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Agosto 2021-2022)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2021	2022	% Var	2021	2022	% Var
Agríc.-pesca	1.266	1.247	-1,5	307	308	0,2
Industria	4.081	4.267	4,6	355	367	3,5
Construción	2.395	2.615	9,2	388	413	6,6
Servizos	7.659	8.331	8,8	133	140	5,5
Total	15.401	16.460	6,9	194	202	4,3

Fonte: Estadística de accidentes de trabajo . Ministerio de Trabajo e Economía Social
de incidencia que no número de accidentes rexistrados,

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Xullo 2022)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	23	-8	2.099	-1.125	2.184	-7.374
España	457	59	101.183	16.147	316.598	47.014

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

-26%, mentres que o de participantes o fixo no -35% e o número de horas baixou nun -77%. Estes datos tamén diverxen dos rexistrados en España, onde os valores para os tres parámetros analizados medraron respecto do período xaneiro-xuño de 2021, e onde os crecementos rexistrados variaron entre si moito menos que en Galicia, xa que se moveron entre o 15% de incremento no número de folgas e no 19% no número de persoas traballadoras participantes nelas.

Se comparamos os datos da conflitividade por folga nos sete primeiros meses de 2022 fronte ao mesmo período de 2019 atopamos reducións moi acusadas para todas as variables analizadas, tanto en España como, de xeito aínda máis acusado, en Galicia.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Xullo 2021-2022

	TOTAL		DESPEIDIMIENTOS COLECTIVOS		SUSPENSIÓN DE CONTRATOS		REDUCCIÓN DE JORNADAS	
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior
		Absolutas En %		Absolutas En %		Absolutas En %		Absolutas En %
Galicia	12.308	-11.957 -49%	524	-126 -19%	10.947	-7.486 -41%	837	-4.345 -84%
España	191.292	-274.208 -59%	13.886	-17.015 -55%	148.393	-217.339 -59%	29.013	-39.854 -58%

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, aí non estar dispoñibles os acumulados)

A **afiliación media** en Galicia pecha o terceiro trimestre de 2022 con menos de mil novas persoas afiliadas máis respecto das rexistradas no segundo trimestre, logo de que as baixadas na afiliación media de agosto e setembro case que anulasen o incremento rexistrado en xullo. Así e todo, esa evolución positiva do 0,1% no trimestre contrasta coa observada en España, onde a afiliación media reduciuse no trimestre nun -0,8% e onde, mes a mes, a tendencia foi oposta á que se produciu en Galicia, cunha lixeira perda de persoas afiliadas en xullo e máis intensa en agosto, pero con aumento da afiliación media no mes de setembro.

O *Gráfico 4* recolle o comportamento da afiliación media mes a mes en termos interanuais. Nel pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e xa acadou 18 meses consecutivos de crecemento, aínda que en agosto dito aumento deixou de superar o 2% interanua. Tamén en España estase a reducir a taxa de crecemento interanual, se ben mantívose en valores ben por riba do 3% para cada mes deste trimestre. O diferencial desta taxa de incremento

interanual da afiliación media entre Galicia e España continúa oscilando, tal e como fixera no trimestre anterior, entre os 1,7 e os 2 puntos porcentuais nos meses de referencia.

Conflitividade

A análise dos datos recollidos na *Estadística de huelgas y cierres patronales* do Ministerio de Trabajo e Economía Social indican que a conflitividade en Galicia nos primeiros sete meses de 2022 reduciuse respecto ao acontecido no mesmo período do ano pasado. Esta redución foi moi dispar segundo a variable analizada: así, o número de folgas reduciuse no

Os datos facilitados na *Estadística* para os sete primeiros meses do ano amosan que prosegue a forte diminución no número de persoas traballadoras en ERE nos distintos tipos de expediente, tanto en Galicia como en España (o -59% e o -49% respectivamente), diminución que se está a producir desde o segundo trimestre do ano pasado. Cómpre sinalar que, se atendemos a os diferentes tipos de ERE, dita

diminución está a seguir evolución diversas en Galicia respecto do que acontece en España. Deste xeito, as persoas traballadoras afectadas por ERE de despedimentos colectivos reducíronse nun -19% en Galicia fronte a redución do -55% en España. Pola contra, a diminución en traballadores e traballadoras afectadas por ERE de redución de xornada foi moito maior en Galicia, onde o descenso foi do -84%, case que trinta puntos porcentuais máis que o descenso rexistrado en España para ese tipo de ERE. Para rematar, os ERE por suspensión de contratos, que supuxeron aproximadamente o 80% das persoas traballadoras afectadas tanto en Galicia como en España, reducíronse máis en España (o -59%) que en Galicia (o -41%)

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2022

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,4	0,0
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5

Fuente: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

mes medrou nun 4.3% interanual no trimestre, e ficou nos 2.153,88 €/mes, polo que a diferenza entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España diminuíu en 1,1 puntos porcentuais neste trimestre e fica no -10,9%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva rexistrados no segundo trimestre medraron respecto aos do segundo trimestre de 2021 en 1,1 e 1,5 puntos porcentuais respectivamente e no caso de España medraron tamén aínda que o fixeron en porcentaxes menores (o 0,6% os custos laborais, e o 1,1% no caso dos custos salariais). Redúcese así en certa medida a discrepancia entre o comportamento dos custos salariais e laborais e os custos salariais e laborais por hora efectiva observada no trimestre anterior, se ben os incrementos dos valores por hora efectiva seguen a ser inferiores aos rexistrados por persoa traballadora e mes en porcentaxes que varían entre o 2 e o 3%.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2022

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	746	37.715,6	-338	-28,5%	-110	-37,7%
Sociedades que ampliaron capital	237	147.089,0	-23	100,7%	-21	104,5%

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Os datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) para o terceiro trimestre de 2022 recollen que o número de novas sociedades creadas foi de novo inferior tanto ao rexistrado no trimestre anterior (máis do -28%), como ao do terceiro trimestre do ano pasado (preto do -13%). Estas baixas se estenden tamén á contía dos capitais invertidos nesas sociedades respecto das invertidas nos

trimestres de referencia.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén diminuíu, tanto respecto das sociedades que o fixeron no trimestre anterior como das que o fixeron no terceiro trimestre do ano 2021 (nos dous casos en porcentaxes que superaron o -8%). Porén, se atendemos ao capital invertido, este se duplicou tanto respecto do invertido no segundo trimestre de ano en ampliacións de capital como do invertido no terceiro trimestre de 2021.

O número de empresas disolvidas seguiu a diminuír neste trimestre tras reduciuse en máis dun -18% respecto do anterior e en máis do -9% fronte ao acontecido no terceiro trimestre de 2021. Pola contra, as sociedades que reduciron capital aumentaron en comparación cos trimestres de referencia, cun incremento do 40% fronte ao primeiro trimestre de 2022 e do 28% fronte ao terceiro trimestre de 2021.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2022

	3T22	2T22	3T21
Sociedades disolvidas	242	296	266
Sociedades que reducen capital	74	53	58
Sociedades en situación concursal	28	84	52

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores diminuíu con forza no trimestre tras baixar respecto do segundo trimestre do ano nun 67% e no 46% fronte ao terceiro trimestre do ano pasado. Rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, un menos que no trimestre anterior e os mesmos que no terceiro trimestre de 2021. Os procesos de fusión foron trece, tres máis que no trimestre pasado e catro menos que no mesmo trimestre en 2021.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante os tres primeiros trimestres de 2022, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 26 ditames sobre normativa laboral autonómica, once menos dos emitidos no primeiro semestre do ano 2021.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que, a 30.09.2022, tiveron entrada no AGA 97 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 18 máis das que foron recibidas nos nove primeiros meses do ano pasado, o que supón o máximo de solicitudes presentadas en dito período de tempo. Con estes datos pódese xa adiantar que tanto o número de solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA coma o número de mediacións e arbitrxes realizados no ano 2022 vai superar con folgura o máximo histórico, acadado en 2021. Entre as 49 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas durante os nove primeiros meses de 2022, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 73,5%.

Así mesmo, durante o terceiro trimestre proseguíu a actividade de mesas negociadoras e Comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia.

Para rematar, o pasado mes de setembro comezaron a súa andaina a V edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral en colaboración coa Universidade de Vigo e a I edición do Curso de Formación en auditoría xurídico-laboral en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

